


APRENDENDO A ESTUDAR

Coñece diversas
técnicas de estudo



ANTES DE NADA, DEBES PREPARARTE PARA O ESTUDO

A) Colle os materiais
que precises.



B) Prepara o lugar de
estudo: procura que sexa
sempre o mesmo e que
sexo tranquilo e sen
interrupcións.

Xa estás preparado/a?

Tes todo listo?

POIS COMEZAMOS:

1. PRELECTURA

Consiste en botar unha primeira ollada
ao texto que vas a estudar para ter
unha idea xeral do tema que se trata.



2. LECTURA COMPRESIVA

Tratase de ler a información detidamente.



Debes pararte ao remate de cada parágrafo e preguntarte de que fala e se comprendiches todo o que di. Este é o momento de buscar dúbidas e facer anotacións.

Unha vez rematada a lectura fai sempre a mesma pregunta:

QUE ME QUIXO DICIR O TEXTO?

Deste xeito, comprobarás se entendiches todo.



3. SUBLIÑAR


Agora que xa sabes de que trata o texto é o momento de **subliñar** a información mais relevante.

Pero lembra: Só as **palabras clave** e as **ideas principais**, que nos axuden a saber o mais importante mirando so o subliñado.

Por exemplo, nesta explicación están destacadas as palabras mais importantes para que non teñas que volver a ler todo para saber o que hai que resaltar.



4. ESQUEMAS




Expresa gráficamente e de forma estructurada as ideas principais do tema nun esquema.

Axúdate do subliñado antes, para que che sexa máis sinxelo.

O esquema axudarache a ter mais ordenadas e claras as ideas do texto.

Hai moitos tipos de esquemas: de chaves, frechas, mapas conceptuais elixe o que mais che guste!!



5. RESUMO

Redacta
seguindo o
esquema, o
contido de cada
parte.

LEMBRA!! debes
facelo **coas túas**
palabras.



6. ESTUDAR



Xa está todo listo. Agora tes que aprender o contido que resumiches.

Para unha boa aprendizaxe, relaciona os datos que che dan e o que xa sabes, e comprende o que estudas, **non so memorices.**

Fai descansos de vez en cando.

7. REPASAR

Para que non se che esqueza o que estudaches, fai pequenos repasos.

Hai diversas maneiras: utilizando o esquema ou resumo que fixeches, facendo preguntas ou incluso con compañeiros/as.

Sempre debes elixir a que mellor che funcione.



Un último detalle:

Lembra que isto tan so é unha guía que debes adaptar ao que necesites e ao que estes estudando.

Haberá veces que estudes directamente polos esquemas ou que pases do subliñado ao resumo. Elixes a técnica mais axeitada!!!

E, por suposto, ten sempre unha **ACTITUDE POSITIVA** porque con **esforzo e concentración** todo se consegue mellor.

Valo facer xenial, xa verás!!!

Departamento de Orientación